

MOCIÓN SOBRE REVISIÓN SALARIOS DA CORPORACIÓN.

PLENO 28 XANEIRO 2016. ACTA 0002/2016

Moción do grupo municipal AER o 23/01/2016 (RXE 873) que di:

“No pleno 2 de xullo do 2015, ao principio deste mandato, esta corporación aprobou a retribución que percibiría o alcalde de Redondela.

A nosa Agrupación, que tiña unha proposta inicial de 41.000 euros brutos mensuais en 12 pagas para ese salario, permitiu que finalmente se aprobara a proposta do BNG, de 45.000 euros, a cambio de reducir ás asignacións económicas aos grupos políticos; xa que para ese debate consideramos os gastos políticos como un conxunto, como unha cantidade global de gastos en cargos e grupos políticos. Así mesmo, sempre asociamos o salario do alcalde a unha ocupación completa ao servizo do noso Concello.

O pasado día 27 de novembro, Javier Bas foi nomeado deputado provincial, polo que agora o noso alcalde vai estar pendente de moitos asuntos relativos á Deputación e ao Partido Popular, que non teñen nada que ver coa actividade municipal nin co seu cargo de alcalde; deixando de ter unha ocupación total a Redondela como a que tivemos en conta cando se lle aprobou o salario que percibe das arcas do noso Concello. Tendo en conta todo o anterior, consideramos que a retribución que debe percibir Javier Bas do noso Concello tería que ser outra distinta da aprobada ao inicio do mandato.

Por outra banda, no pleno de novembro cuestionamos seriamente a competencia dun membro concreto do equipo de goberno, Arturo González, pedindo a súa reprobación en base á negligencia e ás graves faltas de xestión e atención coas obrigas das áreas nas que ten responsabilidade. Esta reprobación foi aprobada, xa que a maioría do pleno municipal manifestou que dito concelleiro non está a exercer debidamente as súas funcións. Dende AER consideramos que os concelleiros reprobados deben dimitir, e así o pedimos. Pasa o tempo e non vemos que o alcalde nin o seu equipo de goberno amose sinal algún de responder a esta petición da corporación. Entendemos que o señor Arturo González Barbeiro, concelleiro reprobado, non merece cobrar a retribución aprobada no seu día.

O pleno non ten a potestade de decidir os seus representantes na Deputación, nin potestade para obrigar a dimitir a ningún concelleiro; pero o pleno si que ten a potestade para fixar as retribucións do equipo do goberno.

En base a todo o exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1.- Establecer que o Alcalde-Presidente exerza o seu cargo percibindo unha retribución bruta anual de 27.500€ (en 12 mensualidades).

2.- Establecer que concelleiro Arturo Pérez Barbeiro exerza o seu cargo percibindo unha retribución bruta anual de 5.134€ (en 12 mensualidades).”

VOTACIÓN E ACORDO.-

A moción rexítase, sendo o resultado da votación cinco votos a favor (4 de AER e 1 da concelleira non adscrita) e nove votos en contra (9 do PP) e sete abstencións (6 do PsdeG-PSOE e 1 do BNG)